

RECUPERANDO TEXTOS (II)



Fotografía do Castro en 1976

No número 5 de CROA, coa publicación dun artigo de Manuel Chamoso Lamas do ano 1976, iniciabamos esta sección do Boletín destinada a recoller e reproducir textos referidos a calquera aspecto do Castro ou do Museo de Viladonga. Nesta segunda entrega escolleuse unha comunicación presentada por Felipe Senén López Gómez no XV Congreso Nacional de Arqueoloxía celebrado en Lugo en outono de 1977 e publicada en 1979 nas súas Actas, de non fácil acceso ó común do público e de aí a súa recuperación nestas páxinas. O autor plasma neste artigo o labor de recollida de folclore arqueolóxico da comarca de Viladonga que el realizou durante o tempo que escavou no Castro colaborando con Chamoso Lamas a mediados dos anos setenta. Pesia ós anos transcorridos ou precisamente por eso, o seu interese está fóra de toda dúbida e, ademais, ten a importancia engadida (habitual neste tipo de traballos) que moita da información recollida está hoxe xa practicamente perdida, xeralmente por ter desaparecido boa parte dos informantes ou porque este tipo de saberes populares cada vez se transmiten menos ás xeracións futuras, coa enorme desgracia que

supón perder tan interesante acervo cultural, tantas veces fundamental desde o punto de vista da investigación etnográfica e arqueolóxica. CROA recupera agora este texto, normalizando, a petición do autor, o galego no que se escribiu hai xa máis de vinte anos, cando o uso deste idioma na escrita aínda non tiña pautas ben definidas, e normalizando asimesmo o emprego dos topónimos.

**FELIPE SENÉN LÓPEZ GÓMEZ:
“O FOLCLORE DO CASTRO DE
VILADONGA E DA SÚA
BISBARRA”**

(publicado en *Actas del XV Congreso Arqueológico Nacional-Lugo 1977-*, Zaragoza 1979, p.623-630)

XUSTIFICACIÓN

Non é a única finalidade dos estudos arqueolóxicos o saca-las conclusións somentes da excavación, nin tan siquera o artefacto é obxecto importante por si mesmo, senón que cómpre velo como intermediario entre o home que o fixo e o entorno no que se deu. Pois para chegar á fase de interpretación precisamos deternos nese primeiro escano de recuperación dos

datos, onde a mesma pobreza deles ofrece tan claros e válidos significados.

Velaiquí, entón, unha cativa aportación de cara ó mellor coñecemento dun Castro tan representativo coma o de Viladonga. As lendas, as interpretacións populares deste enmarque xeográfico e sociolóxico poden ter un claro valor de fonte arqueolóxica, que virá enriquece-la pescuda de coñecementos encol deste asentamento e tamén, dalgún xeito, verase vencellado o noso traballo ó esforzo de tódolos investigadores que recolleron e están a recolle-lo inesgotable folclore dos Castros galegos.

Nada mellor entón que acudir a sociedades que viven en relación directa con este entorno arqueolóxico “doutro tempo”, xentes endexamais privadas da colleita dunha tradición e dun animismo primitivo, a pesares da contaminación cultural na que se ven abafados polos actuais xeitos de vida, da que nin o mesmo investigador pode fuxir; asumímo-lo problema.

En dúas etapas diferentes, dende o 17 de setembro deica o 20 de outubro de 1974 a primeira e dende o 10 de agosto ó 20 do mesmo mes de 1977 a segunda, percorréronse lugares das parroquias de Viladonga, Valmonte e Santiago de Silva, nun radio de 10 km. sobre o contorno do Castro de Viladonga. Preguntouse a xentes labregas, cáseque todas, e cunha idade que abrangue entre os 45 e os 93 anos, polo que sabían daquela “chousa”, “eira” ou “o que fose” daquelas “outras xentes”.

LENDAS E XUIZOS POPULARES

A) ESTRUCTURA FÍSICA

Sobre os habitantes ou constructores

O universo “morto”, como di o Dr. González Reboredo, fai espertar no home unha pregunta teimosa para lle dar nome ós constructores das “vilas”, “engrobas”, medorras ou foxos do Castro. Revéllase o pasado ó dicir “os fenicios”, atínase, cicais por contaminación

erudita, ó dicir “romanos” ou rexuvenécese ó darlle a paternidade do monumento ós “mouros”; nembargantes, perviven os xenéricos¹ “antigos”, “outras xentes” ou “xentes distintas a nós”, mais apoñéndolles a todos eles un senso máxico e pagán ata contrapoñelos a “cristiáns”.

Son as construcións, as minas soterradas, os achados de artefactos “feitos”, os que facían cavilar ás xentes sobre os constructores deste xeito:

- “No Castro vivían os romanos e os mouros...”, M.Álvarez.

- “Alí sempre se dixo que viviran os fenicios e dempois os mouros”. J.B.Iglesias.

- “A xente de antes dicía que alí vivían os mouros”. C.da Vega.

- “No Castro vivían os mouros hastra que os botou de España o Apóstol Santiago...”. R.Abelleira.

- “Os que fixeron o Castro, din os antigos, foron os romanos cando viñeron a Lugo...e dempois os mouros”. M.Castiñeiras.

Sobre as construcións

Construcións soterradas: canles, galerías, minas, fontes, trabes.

- “Tiñan unha galería baixo terra no lugar das Trabes para colle-la auga da fonte e máis do río..., a entrada aínda se ve na finca de Antonio Rodríguez...”. M.Álvarez.

- “Andaba un veciño arando coas vacas no lugar das Trabes cando un animal afundiuse, tragouna a terra e houbo que sacalo..., dempois os veciños andiveron un pouco bolo buraco que descubriu a vaca, pero pillaron medo e fuxiron. O buraco daba a un canal e din que por el baixaban os fenicios e os mouros a busca-la auga. Precisamente dende a Fonte de Arriba de Viladonga parte un canal moi ben empedrado..., esa fonte foi preparada desa época. A furada que fixo a vaca reencheuse pero aínda se nota un pouco agora. O canal é feito todo natural, non ten bóveda de pedra, é coma un túnel dun tren... Cando as agras estaban a centeo había tiras nas que non medraba froito, porque debaixo podía haber canales”². J.B.Iglesias.

- “Nas Trabes, na finca de Ramón de Palmeiro, hai unha boca pola que os mouros levaban a bebe-los cabalos”. C.da Vega.

- “Entrando, na mesma Eira Grande do Castro e na man dereita había un pozo con catorce escalóns moi ben feitos, coma os dunha casa..., por eles botábamos a rola-las pedras e escoitábamo-lo retumbar de dentro do burato..., dábanos medo pasar máis aló da luz”. Tamén había máis abaixo outra entrada a unha mina...”³. R.Abelleira.

Outras construcións: chouzas, covas, vilas, casas, valados.

— “Na Eira do Castro había unha vila coas paredes moi ben feitas de lousas asentadas..., cando estaba a cultivo atopábanse rellas, laxes e rodas de muíño..., o nome de Viladonga ven desa vila antiga”. J.B.Iglesias.

- “Recordo que de pequeno cando ía coas ovellas, víanse as chouzas dos mouros, redondas e cadradas; delas sacouse moita laxe para face-las casas e valados do Couto de A, Viladonga e Ansemar...”. R.Abelleira.

- “No Castro hai un tipo de pedra que non abonda por aquí... Non se sabe de onde poideron sacala...”⁴. M.Castiñeiras.

Outros asentamentos no contorno do Castro.

“O Castrelo”.- Tamén coñecido po-

pularmente pola “Engroba de Viladonga”, no km.23 da estrada Vegadeo-Pontevedra, lugar de Viladonga e na mesma encosta do Castro. Barreira defensiva ó pé do camiño que vai cara a Doncide e Andión, con dous semicírculos defensivos cara ó N. e aberto polo Sur.


“A Rodela”.- Topónimo moi común en Galicia⁵ e que ven sinalar un posible xacemento castrexo. A Rodela de Valmonte é un cativo exemplar de socastro, ó pé do de Viladonga; tamén lle chaman A Madorra. Claro amoreamento de pedras en espiral que pechan a chousa castrexa, xeito defensivo cunha estratexia admirable.

- “No Castrelo de Viladonga hai unha engroba que o mesmo que a Rodela de Valmonte era unha ‘avanzadilla’ dos mouros do Castro Grande”. J.B.Iglesias.

- “O froito sécase no Castrelo porque por algúns sitios pasan as minas vellas da auga...”. I.López.

Sobre outros Castros da bisbarra.

“Andión”.- Tamén chamado “o campamento romano”, non arredado de Vilavella, respostando a un determinado xeito de mansións reais...⁶ Nesta mesma parroquia de Pol atópanse res-



Un debuxo da escavación de 1974, de Felipe Senén López

tos, mosaicos, tégulas, paredes dunha vila en Doncide.

- "Perto, no Castro de Andión, tamén estiveron os mouros...". M. Blanco.

"*Ameixende*".- Na parroquia de Goberno atópase outro Castro do que teñen coñecemento as xentes de Viladonga.

- "Abaixo, en Ameixende, hai un Castro que ten un fundido polo que tamén pasaban os mouros a beber".

- "Tamén hai restos dun forno de ladrillos para face-lo pan".

- "Dicíase que enterrada había unha galiña cos pitos de ouro". M. Blanco.

"*Duarría*" (Castro de Ribeiras de Lea)⁷.

- "En Duarría de Castro de Ribeiras de Lea, ó pé do Castro apareceron hai uns anos unhas sepulturas e un muro de pedra no mesmo lado do río...". M. Blanco.

"*Reigosa*" (Pastoriza, lugar das Coroas).

- "Tamén en Reigosa hai outro Castro dos mouros no que se atopou un muíño, precisamente é deses muíños dos que ven a muiñeira: cando se cansaban de moer, os mozos escomenzaban a bailar...". J. B. Iglesias.

As Vilas.

"*Vila de Arcas*" (Ansemar. Valmonte).- Nunha agra aparecen decoloracións, tégulas e restos de construcións. Máis representativa é a versión popular:

- "Na Agra de Arcas aparecen tellas vellas e restos de valados empedrados coma os do Castro. Na Arca de Abaixo apareceu un cacho de muíño⁹ que ten Luis Fernández Carballo. Na Arca de Arriba apareceu unha moeda que ten o mesmo señor. Noutro tempo chamábanlle ó lugar A Vila: Vila de Arriba, Vila de Abaixo... Tamén se dicía que por aquí detrás da igrexa de Ansemar ía un camiño que levaba ó Castro..." C. da Vega.

"*Vila de Doncide*".- Dela déronse abondosas noticias; nembargantes aínda fai falta o exame detido que merece tan importante asentamento¹⁰.

- "En Doncide e onde nacín, nunha finca que foi da miña propiedade atopábanse ladrillos e muretes dunha vila antiga que dicían ser dos mouros..." M. Blanco.

- "O nome de Doncide venlle de que

naquela vila se albergou o Don Cid Campeador cando pasou por aquí..." J. B. Iglesias.

B) ESTRUCTURA IDEOLÓXICA

Velaquí as crenzas máxico-relixiosas, as lendas que veñen a sublimar, ennoblecer con ese xeito de pasado o mundo morto dun lugar que noutro tempo foi habitado.

Sobre os animais encantados do Castro

A galiña cos pitos de ouro.

- "O Outeiro do Castro está oco e na súa cavidade hai unha galiña cos seus pitos de ouro. Ás veces óese cacarexala galiña e pia-los pitos. Unha vez un home de Goberno trouxo a un seu amigo para escoitaren os pitos e a galiña, mais descubriuse que o vello de Goberno levaba no bolso un reloxo..., co seu tic-tac facíalle crer que era a galiña que vivía na cova do Castro"¹¹. R. Abelleira.

Sobre os tesouros

A mina de ouro.

- "O Castro está oco e por debaixo hai unha mina de ouro. Éntrase a ela polo buraco de ó pé do camiño que leva á Eira grande do Castro... Hai máis entradas pero difíciles de atopar, e hai que se amañar moito para furar por elas"¹². R. Abelleira.

A coroa de ouro, argola, tubo...

- "O Pepe de Palmeiro estaba arando na terra e viu que quedaba enganchada na grade un semicírculo de ouro como unha coroa¹³ que seica está nun Museo galego..." J. B. Iglesias.

- "Unha vaca dun veciño de Viladonga meteu os cornos por un furado dun valado e sacou unha argola de ouro coma un colar, a vaca botou a correr..., collérona e fixéronse coa argola que logo foi un ben para a casa". R. Abelleira.

- "Un veciño de Couto de A, topou diante das laxes dun valado un tubo de ouro que vendeu a un señor de Santiago..." M. Castiñeiras.

- "Nas Trabes topouse coma un embozo dunha vaca cunha especie de rede e din que era de ouro". M. Álvarez.

- "Na finca de Ramón de Palmeiro hai xa moitos anos apareceron cachos de ouro". C. da Vega.

- "Aínda non hai moitos anos viñeron uns obreiros de Lugo, mandados, e coas piquetas botáronse a picar nas

defensas do Castro... Aínda se ve o burato que fixeron. Algo toparon, o que non se sabe, mais algo do tesouro oíase falar". M. Castiñeiras.

A grade de ouro.

- "Un veciño de Viladonga, da casa do Rodao, dise que atopou unha grade de ouro, hai xa moitos anos, e que coa súa venda lle veu da noite ó día unha grande riqueza"¹⁴. R. Abelleira.

- "Algúns veciños de por aquí fixéronse ricos a conta do Castro e do ouro que deixaron os mouros". M. Castiñeiras.

Outros metais: Ferro.

- "Eu ía con Florentina a leva-las vacas e ela topou unha peza de metal ou ferro, redonda polos dous lados; levámo-la peza ó ferreiro... pero el apañouna...". M. Álvarez.

- "O señor Luciano topou unha caixa de ferro como unha hucha cadrada que dentro tiña semente... Sabe 'Dios' por onde anda". J. B. Iglesias.

Outros materiais: Pedra.

- "No canal do lugar das Trabes entraron uns veciños e toparon unha pedra con varias figuras, non se sabe quen as ten agora, dempois marcharon pois colleron medo". J. B. Iglesias.

- "Uns veciños toparon nun buraco dun valado unha 'muela' e meu abó que foi quen o contaba e que era moi entendido neses choios dicía que era dun cristián¹⁵. Tamén toparon unha tachola... pero as dúas cousas desfíxéronse como fariña ó tocalas". J. B. Iglesias.

- *O "Esquilón" da ermida de Viladonga.*

- "Na igrexa de Viladonga, na espadana pequena hai unha campaiña que din que atopou indo a arar coas vacas na eira do Castro". M. Álvarez.

- "A Campá do Esquilón da igrexa de Viladonga, que por certo toca moi ben, roubárona hai moitos anos e dempois de alí a un tempo apareceu arando no Castro"¹⁶. J. B. Iglesias.

RECOLLEITA DE DATOS:

Datos: 17 setembro - 20 outubro 1974
10 agosto - 20 agosto 1977

Entrevistas: Xisela Oteyza Copa
Felipe Senén López

Entrevistados:

Parroquia de Viladonga:

J. B. Iglesias.- José Benito Iglesias

Andión. 69 anos. Labrador. Viladonga.

I.López.- Idalia López Fernández. 45 anos. Labradora. Viladonga-Carretera.

M.Álvarez.- Manuel Álvarez Lenza. 72 anos. Labrador. A Cova-Viladonga.

Parroquia de Valmonte:

M.Blanco.- Manuel Blanco García. 63 anos. Gandeiro. Valmonte.

Parroquia de Ansemar:

C.da Vega.- Concha de Vega Díaz. 93 anos. Costureira. Ansemar.

M.Castiñeiras.- Manuel Castiñeiras Folgueira. 60 anos. Labrador. Ansemar.

R.Abelleira.- Ramón Abelleira Palmeiro. 80 anos. Labrador. Ansemar.

L.Fernández.- Luis Fernández Carballo. 47 anos. Labrador. Ansemar.

NOTAS

(1) GONZÁLEZ REBOREDO, J.M.: *El folklore de los castros gallegos*, Universidad de Santiago, 1971, traballo que non ten desperdicio sobre este tema.

(2) GONZÁLEZ REBOREDO, J.M.: "Miscelánea arqueológica de tierras lucenses", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, t.VIII, nº71-74, p.237. Recolle unha experiencia ben semellante no Castro de Romeán: "...O camiño por onde os que vivían no castro levaban os seus cabalos a beber, pois alí non crece aínda o pan".

(3) Asegura que o devandito burato se cegou con pedra e que aínda se pode atopar ó excavar na entrada a man dereita. Comprobamos que nesa área aínda non excavada se forma decote unha poza que ó chover ten auga e que progresivamente o nivel da terra se vai afondando. Cavílese na descrición que LUENGO MARTÍNEZ,

J.Mª dá en "La fuente-aljibe del castro céltico de Elviña", *Revista del Instituto J.Cornide de Estudios Coruñeses*, 1, nº1, p.159. O folclore das fontes e a súa relación cos cabalos dos mouros que levaban polas minas é unha constante.

(4) Refírese ó cuarzo branco, seixo en Galicia, que nesta bisbarra se emprega para pousar nos anllos dos tellados de pizarra.

(5) "A Rodela" en *Catálogo dos castros galegos. Terra de Celanova*, (Revista Nós), A Coruña 1928

(6) ABEL VILELA, A. - ARIAS VILAS, F.: *Guía arqueológica romana de Lugo y su provincia*, Lugo 1975, p.45, dan unha curta referencia. RIELO, N.: "Mosaico de Doncide", *El Progreso* (Lugo), 13 nov. 1975 fai tamén referencia ó mesmo.

(7) "En Duarría aparece una necrópolis antigua", *El Progreso*, 23 maio 1971. Fálase de "tres sepulcros", "paredes y trozos de ladrillos", "monedas de oro que se conservan en el Museo Arqueológico Nacional", "relieve con la inscripción S.P." e "...un pequeño camafeo hallado al trabajar una tierra". Posiblemente esta referencia do informante D.M.Blanco resposte a esta noticia dada en *El Progreso* de Lugo.

(8) En *La Voz de Galicia*, 7 maio 1974, R.VILASECA informa de que neste mesmo lugar apareceron diversos artefactos atopados por D.Oscar Gómez Rivas casualmente no seu traballo de labrego: "Topei un Santo". Se trata de una pieza de 1'04 m. de longitud...las incisiones son profundas...está ornado con una composición geométrica de líneas rectas y no sinuosas". Fálase tamén de restos cerámicos e restos de muíños.

(9) Metade dunha "catilla" de tipo castrexo. Observámo-las decoloracións e abundante laxe neste lugar tamén chamado "Vila de Arcas".

(10) En *El Progreso* de Lugo, 13

nov.1975, N.RIELO recolle importantes datos sobre estes restos; J.VILLAAMIL en *La muralla y otras antigüedades* insiste no interese da vila de Doncide xa en 1896. M. AMOR MEILÁN na *Historia de la provincia de Lugo* fai o mesmo. De semellante xeito maniféstanse ABEL VILELA e ARIAS VILAS na *Guía arqueológica romana de Lugo y su provincia*, p.45. Nós subliñamos o interese deste xacemento de Doncide na parroquia de Santiago de Silva, concello de Pol.

(11) GONZÁLEZ REBOREDO, cit., p.89, fala dos paralelos que ten esta lenda, tan repetida no folclore castrexo, noutras áreas de Europa. A.BLANCO FREIJEIRO: "Petroglifos de Pontevedra", *Revista Bellas Artes*, 1975, nº42, fala dun culto ós planetas e días da semana.

(12) A maioría deste folclore sobre as minas preséntase de xeito dual, como di González Reboredo: mina de ouro e mina de alcatrán, a pesares de que neste Castro de Viladonga non atopamos tal referencia dun modo binario.

(13) Lembraremos de que ó rematalo ano 1911 atopouse un torques de ouro de sección circular e adornado con arame enrolado con dous botóns con cadansúa espirale os remates en periña, en ouro de 20 quilates e con 180 gr. de peso. Colección Blanco-Cicerón. (F.LÓPEZ CUEVILLAS: *Las joyas castreñas*, Madrid 1951, p.22).

(14) C.da Vega e outros veciños refiren esto de xeito semellante.

(15) Nótese o senso de contrapor "Cristián" ó senso do que procede do Castro como "Pagán".

(16) Como se olla, esta versión contradise coa anterior, mais semella a verdadeira pois revisando a campaña do "Esquilón" amósase a data: 1859 e o anagrama J.H.S.

